



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

PROTOCOLO DO COVID19 NA E.I.M. PONTECESURES

Queridas Familias: Como sabedes este vindeiro curso, temos a responsabilidade de facer un esforzo extra por coidarnos uns a os outros .

Esta adaptación a nova realidade supón a asunción de que non existe unha garantía de cero contaxios.

Neste documento explicaremos as normas básicas que teredes que cumplir para poder asistir a escola e preservar as medidas sanitarias que garantan a seguridade de toda a comunidade educativa.

Material : Todo o alumnado terá que traer marcado co nome:

- Zapatillas con velcro.
- 3 Babeiros.
- 2 mandilóns (no caso de que coman ,senón 1).
- 1 Xogo de sabanas (Só os que durman).
- 1 vaso.
- Gorra.
- 1 muda completa.
- Cueiros, toalliñas, crema...
- No caso dos bebés, traer termo con auga e dosificadores co leite (desinfectarémolo tódolos días).
- 1 chupete de reposto .
- Todo dentro dunha caixa de cartón co nome por fora.

En canto as reunións faranse da seguinte maneira

-Para as tutorías haberá que pedir cita previa, as reunións trimestrais farémolas ou ben por vídeo conferencias ou por vía telefónica de maneira individual, excepcionalmente poderán realizarse no centro con autorización previa da dirección e respectando as medidas de seguridade.

- Na comunicación e intercambio de información diaria coas familias utilizaremos aplicacións como “tokapp school”, o uso telefónico evitando así as axendas de papel.

Antes de saír da casa as familias tomarán a temperatura dos cativos /as non



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

poderán asistir aqueles que presenten unha temperatura superior a 37Cº, tose ou síntomas respiratorios , así como aqueles que mantiveran contacto cunha persoa afectada.

As familias asinarán un documento responsable de non ter sintomatoloxía nin ter sido contacto estreito con persoas con COVID19 e co compromiso de comunicar calquera circunstancia que poida acaecer en calquera momento do curso ao respecto.

De ter febre ou síntomas durante a xornada permanecerá na zona de illamento ata a chegada da nai/pai/titor/a legal ou autorizado/a polo que deberán estar localizados en todo momento.

A entrega e recollida dos/das nenos/as realizarase por unha soa persoa, que acudirá debidamente protexida, coa utilización de mascara protección e mantendo en todo momento as distancias de seguridade respecto ao persoal da escola e outros usuarios.

As familias serán as encargadas de retirar o abrigo e os zapatos do/a neno/a dentro das zonas habilitadas para o efecto e non pasarán ao interior da escola.

Nos momentos da entrega e recollida manteranse as distancias de seguridade respecto das persoas do centro e outros usuarios.

Para unha chegada e entrega graduada dos/as nenos/as , pregarase puntualidade ás familias e o cumprimento estrito dos horarios previamente acordados agardando fora do espazo habilitado polo centro no caso de ser necesario para evitar o incumplimento das distancias esixidas.

Durante a vixencia deste protocolo COVID19, as familias deberán permanecer na entrada, e non poderán acceder ao interior do centro, tampouco poderán deixarse os carriños dentro do centro.

Estas normas poden variar dependendo da evolución da situación sanitaria. Agradecendo a vosa colaboración.

En Pontecesures, agosto 2020.